



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO FERROLTERRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción que se distribuirán en dúas anualidades (2018-2019):

- a) 1ª Liña de actuación: Promoción do destino e produtos turísticos
- b) 2ª liña de actuación: Mantemento, desenvolvemento e promoción da oferta de “Turismo Slow” e “Costa das Ondas”.
- c) 3ª liña de actuación: Promoción dos camiños de peregrinación.
- d) 4ª liña de actuación: Intelixencia turística e estudos sobre datos e tendencias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Terceiro.- A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de: Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño, e no artigo 4 dos seus estatutos establécense como fins do mesmo entre outros “A promoción económica”.

Cuarto.- Os concellos integrantes desta Mancomunidad son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Ferrolterra-Rías Altas, que inclúe os concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume. As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmajor; e por esta razón, na execución dos convenios asinados coa Axencia Turismo de Galicia en 2014, 2015 e 2016, se ben o cofinanciamento recaeu soamente nos concellos integrantes da Mancomunidad, a execución dos proxectos baseouse na coordinación técnica cos 21 concellos e perseguíu o desenvolvemento do conxunto do destino.





Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

